

**CONVOCATORIA DE AXUDAS DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR PARA O
CURSO 2019/2020 para o alumnado matriculado en educación primaria**

TIPOS DE AXUDAS:

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO para 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria

ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO para 1º e 2º de Educación Primaria e EE.

SOLICITUDE DE MATERIAL ESCOLAR para todos os cursos de Educación Primaria.

SOLICITUDES:

- Solicitude segundo o ANEXO I da *Orde do 3/05/2019 (DOG do 20 de maio)*. Pódese obter no Colexio ou descargala do portal educativo no enderezo <http://www.edu.xunta.gal>
- A solicitude será única para todos os fillos que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2018/19.
- As axudas serán solicitadas polos pais/nais ou titores legais dos alumnos, debidamente asinadas

DOCUMENTACIÓN:

- Identidade. Achegará **copia do DNI ou NIE** dos membros computables da unidade familiar, cando non autoricen a consulta telemática.
- Membros computables. Achegará **copia do libro de familia** onde figuren todos os membros computables. Nos casos en que non teñan libro de familia, consultar no Centro.
- Grao de discapacidade. Achegará o **certificado acreditativo do grao de discapacidade**, agás que fose emitido pola Xunta de Galicia, que só se presentará se non autoriza expresamente a súa verificación.
- Renda familiar. Achegará copia da **declaración do imposto sobre a renda** das persoas físicas ou, na falta desta, do certificado tributario de imputacións no exercicio 2016, cando non autorice a consulta telemática.

CÁLCULO DA RENDA PER CÁPITA:

- A renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2017 entre o número de membros computables.
- Cando presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2017, sumaranse a base imponible xeral (recadro 415) e a base imponible do aforro (recadro 435); cando non a presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

ASIGNACIÓN DE LIBROS DE TEXTO EN 3º, 4º, 5º e 6º de EP

- Ao alumnado que participe no fondo solidario, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencias.
- Esgotados os libros dispoñibles no fondo solidario, o colexio adquirirá os libros de texto para garantir:
 - o Ao alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros : seis libros de texto .
 - o Ao alumnado con renda per cápita familiar superior a 5.400 euros e igual ou inferior a 9.000 euros: catro libros de texto.

CONTÍA DAS AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO EN 1º E, 2º E EE

- Para o alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros: 170 €
- Para o alumnado con renda per cápita familiar superior a 5.400 euros e igual ou inferior a 9.000 euros: 90 €
- Para o alumnado matriculado en EE, en centros específicos ou en unidades de EE de centros ordinarios, ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, a contía das axudas será de 250 euros con independencia da renda per cápita da unidade familiar.

CONTÍA DAS AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR

- A contía da axuda para adquirir material escolar destinado a alumnado matriculado en EP con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros será de 50 euros.
- O alumnado de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% será beneficiario desta axuda con independencia da renda.

PRAZO DE PRESENTACIÓN:

O prazo para presentar as solicitudes rematará o día 21 de xuño de 2019 (incluído)

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

- Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2018/19. Exclúese desta obriga o alumnado de 1º e 2º, sempre que os libros ou o material adquirido non se poidan reutilizar.

A falta de devolución será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2019/20.

- Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario ou adquirido coas axudas para libros de texto no curso escolar 2019/20 e devolvelos ao rematar este.
- Destinar o importe do vale para libros a adquirir os libros de texto que indique o centro en que estea matriculado o alumnado.
- Destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite.

Nota: Para calquera dúbida poden acudir ao Centro ou chamar ao teléfono: 886151047

O Foxo, 21 de maio de 2019

A Directora,

Asdo. / Rosa Mª Ferreira Castro

SRES/SRAS PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS DO CEIP DO FOXO

